

Manuscrito: Lucía Novas

30 Novembro 2012 / Manuscrito

(<https://cadernodacritica.files.wordpress.com/2012/11/neve-lucc3ada-novas-0261.jpg>)Gárdolle moita estima a Lucía Novas (<http://www.aelg.org/Centrodoc/GetAuthorById.do?id=autor195>), como poeta loxicamente, mais tamén como persoa pois cando sei dela lembro un período curto de docencia universitaria, moi grata, no que ela andaba polas Lagoas-Marcosende.

En canto aos seus hábitos de escrita non emprega cadernos de notas, antes ben afirma que os libros van “xestándose na miña cabeza, ata que chega un momento no que preciso botalos para fóra... En realidade son como unha intuición, unha estética que xorde a través da experiencia e da que non sei exactamente que vai saír ata que me poño a escribilo...”.

Lucía é das persoas que escribe todo a man, seguido, e mesmo os poemas do seu último libro, Neve (<http://cadernodacritica.blogaliza.org/2010/12/08/neve-de-lucia-novas/>).

“xurdiron dun xeito desordenado, como pequenas folerpas de neve, e tardei moito tempo en achar a orde... Logo retoco e retoco, fago e refago moitísimo os poemas, doulles moitas voltas, e precisan tempo de repouso... No caso deste último libro non lle daba atopado a chave final para buscar a súa orde e tardei varios anos en rematalo”. A última fase, que tamén contribúe a puír os textos, faina xa en ordenador. Con todo, Lucía cédenos un manuscrito, xustamente dese libro amentado, que desde aquí comparto non sen agradecerlle a súa xenerosidade.



-I-

Que beleza a dos xardíns abandonados, as ruínas
exquisitas, as maldições no inverno, as doas espalladas
nos carreiros, a neve dos bálsamos...

Que beleza a das roseiras de lume
entre a brancura, os árboes perdidos
na trist^{esa}za, os mirtos laboriosos, as espiñas pasadas,
as agullas dos piñeiros, as miúdas follas
dos teixos (folhas repousando), as bagas
encarnadas
do bosque, as montañas de camiños
sinuosos, os seixos ornamentais (ai este rozar
de terrores ausentes!), a nevarada arisca, os
xogos coa auga (chafurís de pedra), os pasos afogados
no repouso,
as palmeiras malditas, as buganvileas doutroa
(caben os pétalos
sobre a neve tan xélica), a tormenta elevada, as esulturas
de nocha
~~perdidas~~ ^{extranidadas} nos carreiros (buxos artísticos), as serpes
misteriosas, os venenos descoñecidos, os labirintos
do medo, os pátteres abandonados, os dédalos ~~doutroa~~
perdidos...

Ai, xardíns salvaxes evocados na memoria,
cedros altos e aromados, madresilvas seculares,
toros galopando
sobre as terras, ventos ~~ausentes~~ ^{esquivos}...

Ai, deixadez dos grans espallados
polos paxaros
do crime, da trairón premeditada, das palabras fúteis
argulladas no osuero, dos esquíos sinistros
sobre a neve....

A neve asolagou
estas ruínas
de medo
(xardíns malditos).

(<https://cadernodacritica.files.wordpress.com/2012/11/lucia2.jpg>)

#Lucía Novas, #Manuscrito, #Neve

